

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS DE ÁMBITO MUNICIPAL DO ANO 2023

En aplicación do previsto no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co fin de dar cumprimento aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia en cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, conforme ao disposto nos artigos 8.3 e 5.2 das referidas Leis, o Concello de Narón, a través da Concellería de deportes, en consonancia co disposto na Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións e axudas públicas do Concello de Narón, de data 26 de outubro de 2017, publicada no B.O.P. nº 2 en data 3 de xaneiro de 2018, establece as seguintes normas reguladoras da concesión de subvencións a clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro que desenvolvan ou realicen programas ou actividades na área de deportes e o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Narón para os anos 2021, 2022 e 2023 aprobado o 27 de maio de 2021 e publicado no B.O.P nº 118 en data 25 de xuño de 2021.

Primeira.- Obxecto da subvención

Son obxecto de subvención os programas ou actividades dos clubs e entidades deportivas, debidamente rexistradas no Concello de Narón, desenvolvidas no termo municipal.

Liñas de actuación para os clubs e entidades deportivas desenvolvidas no ámbito municipal:

- Área deportiva:

- a) **Actividades ordinarias:** Actividades deportivas desenvolvidas por clubs e entidades deportivas mediante a participación en competicións deportivas.
- b) **Actividades extraordinarias:** Actividades deportivas organizadas con carácter singular ou extraordinario, complementando ou non as actividades desenvolvidas pola entidade organizadora.

Segunda.- Réxime de compatibilidade

As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

Será incompatible a concesión doutra subvención para o mesmo proxecto, por outra área ou concellería do Concello de Narón.

Os Clubs e entidades deportivas, que teñan asinado un convenio de colaboración co Concello de Narón en materia deportiva que implique unha achega deste superior a 4.000 €, así como as entidades acollidas ó apartado 1 (Código 1,3; 1,4; 1,5), apartado 4 (Códigos 4,3; 4,4), e Apartado 7 (Código 7,3; 7,4) do Artigo 4 da Ordenanza Fiscal pola utilización das instalacións deportivas non terán dereito a obtención das axudas a que se refiren as presentes bases.

Terceira.- Aplicación orzamentaria e contia total

As subvencións que se concederán na presente convocatoria efectuaranse con cargo ao orzamento do Concello de Narón para o exercicio 2023, aplicación orzamentaria 3410-48001, ata un máximo de 80.000,00 €.

Cuarta.- Beneficiarios/as e requisitos

Os/as destinatarios/as destas subvencións serán os clubs e entidades deportivas, que cumpran os requisitos do apartado 4.1, no momento de presentar a solicitude.

Só poderá concederse unha subvención por entidade e convocatoria.

No suposto de que unha Federación, grupo de entidades ou entidade que integre a outras asociacións solicite subvención para un proxecto, non poderán facelo as asociacións ou entidades que pertencen ás mesmas, sempre que os obxectivos e actividades sexan coincidentes.

4.1- Requisitos para solicitar:

- * Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón cos datos actualizados, no momento de presentar a solicitude.
- * Non estar incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública dispostas no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- * No caso de entidades que foran beneficiarias de subvencións ou axudas económicas concedidas en anos anteriores polo Concello de Narón, deberán telas debidamente xustificadas e aprobadas polo Concello de Narón, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no art. 37 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Se no momento de presentar a solicitude non se puidera acreditar este extremo por estar o Concello tramitando a fase de “xustificación” das subvencións incluídas na anterior convocatoria, incorporarase ao expediente de solicitude



informe do Xefe do Servizo sobre este extremo, sen que supoña motivo de exclusión para solicitar.

* Que as actividades para as que se solicita subvención sexan de interese para o Concello.

Quinta.- Forma, lugar, prazo, e documentación da presentación das solicitudes

Solicitudes

5.1.- Forma, lugar e prazo de presentación

As solicitudes, en modelo oficial facilitado polo Concello, e demais documentos presentaranse a través da Sede Electrónica Municipal, segundo o recollido no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Deberán cubrirse os documentos que se establecen na citada Sede Electrónica no apartado – Catálogo de Servizos - Deportes.

O prazo de presentación será de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP. De ser o último día de prazo domingo ou festivo, entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fóra do prazo establecido para solicitar, dictándose resolución pola que se declara o arquivo sen máis trámite, e que será notificada ao interesado.

5.2.- Documentación

Os modelos xerais serán os que constan na Sede Electrónica Municipal - Catálogo de Servizos- Deportes- elaborados e facilitados polo Concello de Narón.

Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información solicitada, atendendo á extensión da mesma, esta figurará nun documento aportado pola entidade como “Anexo “.

5.2.1.- Instancia de solicitude asinada polo/a presidente/a da entidade, asociación ou institución, na que constará, obrigatoriamente, unha conta de correo electrónico identificativa da entidade, para establecer unha vía de comunicación entre a entidade e o Concello no que se refire a este proceso. A variación da conta de correo electrónico durante a tramitación do expediente deberá ser comunicada ao Concello.

5.2.2.- Memoria das actividades para as que se solicita a subvención, e memoria económica: Orzamento de Ingresos, e Gastos.

5.2.3.- Declaración responsable do/a presidente/a sinalando se a entidade ten solicitada doutro organismo algunha subvención ou axuda para a realización dos

mesmos programas, e actividades, así como a data da solicitude, concepto e contía desta. Igualmente sinalarase cales foron concedidas e cales están pendentes de resolución.

5.2.4.- Declaración responsable do/a presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais.

5.2.5.- Autorización expresa do/a presidente/a ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia.

No caso de presentar as certificacións orixinais recabadas directamente pola entidade dos organismos citados, non será precisa esta autorización.

5.2.6.-Declaración responsable do/a presidente/a de non estar incurso, tanto o asinante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

5.2.7.- Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.

5.2.8.-Modelo T-TES-01 de datos bancarios, sempre que non consten neste concello, ou fosen modificados, ou documento municipal que o substitúa.

5.2.9.- No caso de documentos e informacións esixidos na convocatoria que estiveran en poder do Concello, os solicitantes poderán acollerse ao establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentadas, ou no seu caso, emitidos.

5.2.10.- De acordo co establecido no art. 24 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, xeral de subvencións, e nos supostos que nel se prevén, a presentación de declaración responsable substituirá á presentación das certificacións acreditativas do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, no caso de que as subvencións sexan destinadas a financiar proxectos ou programas nos que a cuantía a outorgar, non supere o importe de 3.000.00€.

5.2.11.- Todas as declaración responsables que se presenten coa solicitude serán cubertas nos modelos facilitados polo Concello de Narón na Sede Electrónica Municipal, e extenderán a súa vixencia as distintas fases do procedemento administrativo do expediente de solicitude de subvención.

Sexta.- Obrigas das entidades beneficiarias

Son obrigas dos beneficiarios destas subvencións as seguintes:

6.1.- Realizar as actividades incluídas no proxecto e cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.

6.2.- Cumprir cos requisitos establecidos nas bases das diferentes convocatorias.

6.3.- Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.

6.4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información e documentación que lle sexa requirida.

6.5.- Comunicar ao órgano concedente a solicitude e obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso no momento da xustificación da aplicación dos fondos percibidos

6.6.- Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da Comisión Avaliadora.

6.7.- Facer constar a colaboración do Concello de Narón en toda a publicidade que se fixera das actividades subvencionadas (impresa, informática, audiovisual, e na páxina web da entidade se a tivese).

Os beneficiarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada Lei.

6.8.- Utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón, etc...) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago. O pago en metálico utilizarase en casos excepcionais, ou cando non sexa posible outra forma de pago (peaxes, aparcadoiro, etc..). A cada pago en metálico deberá acompañarse, se así se solicitase, un informe do tesoreiro/a da entidade acreditativo da forma de pago do gasto realizado.

6.9.- Realizar as actividades no período establecido na convocatoria, e o pago efectivo dos gastos ocasionados polas actividades subvencionadas con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado en cada convocatoria.

6.10.- Os gastos cuxo valor estimado sexa inferior a 40.000,00 € para realizar obras que non sexan consideradas inversións, ou a 15.000,00 € para adquirir equipamento non inventariable, ou prestar servizos, precisarán polo menos, de tres ofertas de distintas empresas provedoras, en aplicación do que se establece no artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétima.- Procedemento de concesión e pago



A concesión de subvencións as que se refire esta convocatoria efectuarase en réximen de concorrencia competitiva con subxección ao procedemento establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, e para o quen non esté contemplado na mesma, estará suxeita ao contido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no R.D. 887/2006 regulamento que a desenvolve, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.1.- O procedemento de concesión destas subvencións iniciárase de oficio, e deberá incluír necesariamente os seguintes trámites:

7.1.1.- Convocatoria pública mediante acordo da alcaldía, axustada ao previsto no artigo 23.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, que incluírá as bases específicas nas que se consignarán os créditos orzamentarios aos que se imputan as subvencións.

7.1.2.- Publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e páxina web do Concello indicando: o obxecto e finalidade, os requisitos para formular as solicitudes, a oficina municipal, ou enlace para obter as bases da convocatoria, e o lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As convocatorias de subvencións deberán publicarse na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS), con indicación do Diario Oficial no que se publicará o extracto destas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

7.1.3.- Presentación das solicitudes no modelo oficial.

7.1.4.- Rematado o prazo de presentación, procederase á formación do expediente de cada solicitude de subvención, comprobando os documentos presentados (parte administrativa), así como o contido dos mesmos (parte técnica).

7.1.5.- No caso de que a solicitude e documentos que acompañan non se realizase no modelo oficial entregado ao efecto, ou de que a documentación presentada, requirida no apartado 5.2, fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda, requiríndoselle por escrito ao solicitante para que repare os defectos observados, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e archivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A entidade que non cumpra cos requisitos esixidos no apartado 4.1 no momento da presentación da solicitude non poderá optar á subvención solicitada, notificándosele a resolución de arquivo do expediente.

7.1.6.- A cada expediente incorporárase un informe de avaliación provisional realizado polo técnico correspondente.

7.1.7.- Os expedientes que reúnan as condicións para continuar coa súa tramitación, serán remitidos á Comisión de Valoración, que poderá solicitar o asesoramento dos técnicos que estime necesarios e informe técnico do departamento tramitador, se así o considerase oportuno.

7.1.8.- A composición da Comisión de Valoración estará constituida por:

- O concelleiro/a delegado/a de Deportes
- O/a administrador/a-xerente de Deportes ou persoa que o substitúa.
- A/ o funcionaria/o responsable da tramitación do expediente.
- O Secretario Xeral do Concello ou persoa en quen delegue.

7.1.9.- A Comisión de Valoración emitirá informe expresando a relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención, a súa contía, causas de denegación, así como o importe que deberá ser xustificado.

7.1.10.- O órgano instrutor, á vista do ditame da Comisión de Valoración, formulará unha proposta de resolución motivada ao órgano competente para resolver.

7.1.11.- Resolución da Alcaldía aprobando ou denegando a concesión de subvencións, que deberá ser notificada aos beneficiarios no prazo de dez días dende que se adopte o acordo. A dita notificación levarase a cabo a través da Sede Electrónica.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, período que se computará a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

7.1.12.- Aceptación por parte dos beneficiarios nun prazo de dez días dende a notificación da resolución. Transcorrido este prazo, sen que se producira manifestación algunha expresa entenderase tacitamente aceptada.

7.1.13.- Publicidade das subvencións concedidas, nos casos que proceda e, en todo caso, na páxina web e taboleiros de edictos do Concello, ou aqueles outros establecidos por Lei.

Remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) información sobre as subvencións concedidas.

7.2.- Reformulación das solicitudes

Unha vez notificada a resolución recaída, e dentro do prazo outorgado no apartado 7.1.12, se a cantidade concedida é inferior á solicitada, a entidade poderá reformular a súa solicitude, despois de aceptar as condicións referidas



na proposta, debendo achegar o proxecto adaptado cun novo orzamento, respectando o obxecto, condicións e finalidade da subvención.

A nova solicitude remitirase á Comisión de Valoración para novo ditame, e será obxecto de resolución polo mesmo órgano que ditou a resolución inicial de concesión.

7.3.- O pagamento da subvención realizarase despois da súa xustificación por parte do beneficiario, da realización da actividade, proxecto ou adopción do comportamento para o que se concedeu, nos termos da normativa reguladora da subvención, se esta fose superior á 3.000,00 €.

O pago anticipado das subvencións concedidas por importe inferior a 3.000,00 €, realizarase unha vez rematado o prazo de 10 días dende a notificación da resolución de concesión da subvención, sendo firme a resolución de concesión, quedando os beneficiarios exonerados da constitución de garantía, segundo o establecido no artigo 42.2 b) do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo.

O pagamento da subvención farase mediante transferencia á conta bancaria reflectida na solicitude.

Oitava.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento

Corresponderá ao Servizo de Deportes, a instrución dos expedientes, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requerirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva (art. 68.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desestimada a súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do art.21 da Lei 39/2015.

O órgano competente para resolver o procedemento será a Alcaldía.

Novena.- Criterios obxectivos de valoración para o outorgamento

9.1.- Serán criterios obxectivos preferenciais para o outorgamento das subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o desenvolvemento de actuacións no termo municipal, atendendo aos principios de obxetividade e igualdade, os establecidos nas diferentes convocatorias.

Computarase en positivo, na baremación das subvencións municipais a presenza de mulleres nos órganos directivos das entidades asociativas solicitantes, nomeadamente nas asociacións deportivas.

A valoración e reparto da aplicación presupostaria recollida no Orzamento do Concello, do exercicio económico correspondente, destinados á concesión de



NARÓN

Deportes

subvención ás entidades deportivas, farase atendendo a tres apartados distintos que son os seguintes:

1.- PROMOCION DEPORTIVA: 50% en puntos

	CONCEPTO	Nº de puntos
*	Nº de deportistas:	
	- Masculinos	X 2
	- Femininos	X 6
*	Promoción do Asociacionismo Deportivo (sen ficha federativa):	
	- Menos de 20 socios	0.-
	- De 20 a 80 socios	10.-
	- De 80 a 140 socios	50.-
	- De 140 a 200 socios	100.-
	- Máis de 200 socios	200.-
*	Presenza de mulleres nos órganos directivos do club ou entidade	
	- Ata 20% de presenza feminina	0
	- Mais do 20% e ata o 50% de presenza feminina	50
	- Mais do 50% de presenza feminina	100
*	Outros elementos deportivos:	
	- Por categoría deportiva	X 5
	- Por desenrolo de actividades deportivas	X10
	- Por desprazamentos propios da actividade	X 50
*	Persoal que colaboura ou traballa coa entidade:	
	- Licenciado/a en Educación Física	X 7
	- Diplomado/a en Educación Física	X 5
	- Adestrador/a nacional o Técnico Superior en Actividades Deportivas (TAFAD)	X 4
	- Adestrador rexional	X 3
	- Monitor/a básico/a	X 2
	- Outros	X 1
*	Nivel da competición (por equipos) e participacións:	
	- Local / Comarcal	X 2
	- Provincial	X 10
	- Comunidade Autónoma	X 20
*	Nivel da competición individual:	

☒	- Local / Comarcal	X 1
☒	- Provincial	X 3
☒	- Comunidade Autónoma	X 10
☒	- Estatal	X 20

2.- GASTOS FEDERATIVOS: 30 % en Euros

Neste apartado entran a valorarse os gastos referentes a:

- Inscripcións do club ou entidade
- Fichas e mutualidades
- Gastos de aluguer de instalacións deportivas
- Gastos de arbitaxes

3.- XESTIÓN E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS: 20% en puntos:

Este apartado será valorado obxectivamente polo xerente ou persoa que o substitúa, e o Coordinador Deportivo do Servizo de Deportes.

9.2.- A contía da subvención estará directamente relacionada coa valoración dos proxectos, non podendo superar o límite marcado polas diferentes convocatorias. No caso de non especificarse este límite, o importe da subvención solicitada non poderá superar ao 50% do orzamento de gastos presentado.

Para o caso de que a suma do importe resultante desta valoración e das solicitudes ou concesións de outras axudas por organismos públicos ou entes privados, superara o 100 % do custo total do proxecto presentado pola entidade solicitante, o importe da subvención municipal quedaría minorado proporcionalmente.

Cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a cantidade solicitada.

Unha vez rematada a fase de avaliación de todas as solicitudes e determinados os importes das subvencións a conceder, no caso de que a cantidade concedida total fora inferior á consignación orzamentaria inicialmente asignada, a Comisión de Valoración, de consideralo oportuno, poderá realizar os axustes necesarios entre os beneficiarios das subvencións, ata que o reparto total acade a consignación inicial destinada a este fin.

9.3- ACLARACIÓN OS PUNTOS DO BAREMO

O solicitante deberá cubrir os apartados seguintes:

Nº de deportistas: Indicarase o número de deportistas masculinos e femininos, que posúan ficha federativa, ou documentación esixida en cada caso (deporte escolar). Acompañarase certificado da federación correspondente ou inscrición en deporte escolar á data de publicación da convocatoria.



NARÓN
Deportes

Promoción de Asociacionismo deportivo: Indicarase mediante certificación do Secretario da entidade, co visto e prace do Presidente o número de socios que ten a entidade, que deberá coincidir co rexistrado no libro de socios do Club ou entidade deportiva. Non se poderán reflexar neste apartado os deportistas federados que xa se sinalaron no apartado anterior (Nº de deportistas).

Presenza de mulleres nos órganos directivos do club ou entidade : Deberá indicarse o número total de membros da directiva e tamén o número de mulleres que forman parte desta.

Outros elementos deportivos:

- **Por categoría deportiva:** Indicarase o número de categorías deportivas que ten o Club. Acompañarase certificado da federación correspondente.
- **Por desenvolvemento de actividades deportivas:** Indicarase mediante unha pequena memoria a actividade deportiva que se realizará ó longo do ano.
- **Por desprazamentos propios da actividade:** Indicaranse os desprazamentos dos equipos tanto a nivel local, comarcal, provincial ou da Comunidade Autónoma, como consecuencia da competición que realiza o club.

Persoal que colabora ou traballa coa entidade: Indicarase o número de persoas que colaboran ou traballan co club ou entidade deportiva sinalando a formación da que dispoñen segundo a relación que se sinala no impreso de solicitude. Deberá acompañarse copia da titulación de que dispón cada persoa que se relacione.

Nivel da competición (por equipos) e participacións: Indicarase o nivel da competición dos diferentes equipos dos que dispón o Club, tanto local, comarcal, provincial ou da Comunidade Autónoma.

Nivel da competición individual: Neste apartado indicarse soamente para os clubs ou entidades deportivas que nas diferentes categorías deportivas teñan competición a nivel individual. O Club ou entidade deportiva deberá sinalar o nivel de competición individual de cada un dos rapaces/zas na competición local, comarcal, provincial, Comunidade Autónoma ou Estatal.

O Club deberá certificar no modelo que se facilite o respecto o número de rapaces/zas que participan nas competicións individuais. No suposto que un mesmo deportista compita a nivel individual nas competicións local, comarcal, provincial, autonómica ou estatal deberá indicar a categoría máxima na que participa que contemple a súa licencia federativa.

A suma dos deportistas de competición individual nunca poderá ser superior ó número de deportistas declarados no apartado 1 da Promoción Deportiva.

Gastos federativos e outros gastos deportivos:

- Inscripción do Club
- Fichas e Mutualidades

- Gastos de aluguer de instalacións deportivas: Teranse en conta só aqueles gastos de aluguer correspondentes a locais ou instalacións deportivas destinados a práctica deportiva.
- Gastos de arbitraje

Décima.- Xustificación, lugar e prazos de execución

10.1.- O prazo máximo para presentar a xustificación será o día **31 de xaneiro de 2024, sendo o período de execución das actividades o comprendido entre ó 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.**

No caso de que a concesión non fose acordada no ano en curso, as entidades beneficiarias disporán dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación do acordo de concesión, para presentar a xustificación.

10.2.- A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

Aos efectos do disposto no artigo 75 do RD 887/2006 do 21 de xullo, regulamento que desenvolve a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, para subvencións concedidas por importe inferior a 60.000 €, presentárase unha conta xustificativa simplificada.

A xustificación deberá incluír:

- Memoria técnica da actividade realizada.
- Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto da subvención.
- Relación clasificada dos gastos realizados da actividade, con identificación do acredor e do documento, do seu importe, data de emisión e data de pagamento. Con indicación, no seu caso, das desviacións acaecidas sobre o orzamento presentado coa solicitude.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados dos mesmos.
- Declaración responsable do/a Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e /ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.
- Un exemplar da publicidade realizada das actividades subvencionadas (impresa, informática, audiovisual ou na súa páxina web se a tivera), que no seu caso será elaborado polo Concello.
- Declaración responsable do/a Presidente/a sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas. Cando a actividade se financiase, ademais de con subvencións, con fondos propios ou outros recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e á aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- Certificacións de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social, Facenda e Axencia Tributaria de Galicia ou no seu caso autorización expresa do presidente/a do club ou entidade para que o concello poida obter as devanditas certificacións. (No caso de subvencións que non superen o importe de 3.000 €, chegará coa presentación dunha declaración responsable do presidente do club ou entidade).
- Declaración responsable do/a Presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais.
- Declaración responsable do/a Presidente/a de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.

Os dous últimos documentos non será necesario presentalos sempre e cando as declaración achegadas coas solicitudes de subvención non sufriran variación, atendendo ao art. 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que as declaracións responsables serán válidas durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio desta subvención.

A xustificación, en todo caso, deberá axustarse ao establecido no artigo 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

Para dar cumprimento ao que se establece no artigo 75.3 do Real decreto 887/2006 e no art.10.1.10 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, o Servizo de Deportes (órgano instructor) comprobará o 50% dos xustificantes de gasto dos beneficiarios aplicando o mostraxe aleatorio simple. Polo cal, o órgano instructor requirirá por escrito ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados, aos efectos de obter evidencia razoable da axeitada aplicación da subvención, e deixando constancia no expediente, mediante informe, do seu resultado.

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o cen por cento do proxecto adxudicado a subvención reducirase proporcionalmente.

O importe a imputar na xustificación será, como mínimo, o total da subvención concedida.

No caso de que unha entidade xustifique a totalidade do proxecto subvencionado, independentemente de que as distintas partidas de gastos que compoñen dito proxecto se vexan alteradas nos seus importes finais respecto dos iniciais, terase en conta o importe total do proxecto no seu conxunto.



10.3.- A documentación xustificativa presentarse a través da Sede electrónica do Concello de Narón (Catálogo de Servizos-Deportes- Xustificación de subvencións a Clubs e entidades Deportivas(S-DEP-02A))

Decimo primeira.- Tipoloxía do gasto

11.1.- Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, se realicen no prazo establecido e se axusten aos criterios que figuren expresamente nas diferentes convocatorias.

Entenderase para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade a finalización do período de xustificación determinado na convocatoria.

11.2.- Os gastos de investimento que teñan relación directa coas actividades subvencionadas ou necesarios para o seu desenvolvemento, e que non foran obxecto dunha subvención específica para a súa adquisición polo Concello de Narón, tamén terán a consideración de gastos subvencionables, salvo que nas diferentes convocatorias se estableza o contrario.

A amortización destes gastos, para a súa inclusión na xustificación da subvención, limitárese a un máximo de tres anos, polo que ás facturas que documenten o investimento realizado, adxuntaranse o correspondente cadro de amortización.

As facturas que reflectan o gasto axustaranse aos seguintes criterios:

a.-Gastos de xestión. Material de administración: fotocopias, papel, bolígrafos, material de informática, etc.

b.- Gastos de comunicacións: telefonía e Internet, correo, mensaxeiría, etc.

c.- Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc.

d.- Gastos de transporte: autocares, billetes de tren, avión. Os gastos de combustible en vehículos particulares, a factura do gasto de combustible deberá vir acompañada da folia de liquidación de gastos por desprazamento.

e.- Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.

f.- Persoal profesional ou asistencia técnica contratadas a empresas para desenvolver as actividades.

g.-Gastos de limpeza da instalación: Soamente nos supostos de que a entidade teña concedida mediante acordo o uso das instalacións que inclúa a apertura, peche e control da mesma instalación.

h.- Gastos polo aluguer de instalacións: Cando o club ou entidade deportiva teña alugado, un local ou instalación deportiva para o desenvolvemento das súas actividades. As facturas soportadas polo club ou entidade deportiva deberán cumprir co esixido na lexislación fiscal.

i.- Gastos para cortesías colaboración, relacionadas coas actividades, a determinar:

- Placas
- Agasallos

j.- Outros gastos concernentes ou relacionados coas actividades, sempre que sexan debidamente computadas na contabilidade xeral.

11.3.- Exclusiones

11.3.1.- Os gastos de adquisición de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde, así como os gastos que non teñan relación coa a actividade subvencionada.

11.3.2.- Os gastos establecidos no art. 31.7 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

11.3.3.- As actividades suxeitas a un convenio de colaboración co Concello.

Décimo Segunda.- Causas de invalidez da resolución de concesión, reintegro, e procedemento

Son causas da resolución de concesión da subvención as contempladas no artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das , no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 32 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Son causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro si é anterior a esta, na contía legalmente establecida, e coa tramitación previa do expediente, nos supostos referidos nos puntos anteriores, e nos supostos referidos ao artigo 12 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

Décimo terceira .- Condicións de solvencia

As presentes bases ao non dirixirse a entidades colaboradoras, non corresponde ás condicións de solvencia e eficacia.

Décimo cuarta.- Modificación da Resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administración públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Décimo quinta.- Criterios de graduación por incumprimento



O criterio de aplicación para determinar a cantidade que finalmente perciba o Club ou Entidade Deportiva o, e no seu caso, o importe a reintegrar, responderá ao principio de proporcionalidade, e calcularase aplicando a porcentaxe entre a obriga total de xustificación, e a cantidade xustificada.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, e polo menos do 50% do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ó 50% do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade algunha.

Décimo sexta.- Información aos interesados

Tal e como sinala o artigo 11.1 da Lei Orgánica 15/1999, os datos de carácter persoal obxecto de tratamento só poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas do cedente e do concesionario co previo consentimento do interesado. Non será preciso contar co consentimento do afectado no caso de que unha norma con rango de Lei habilite a cesión prevista, tal e como dispón o artigo 11.2 a) da Lei.

Décimo séptima : Réxime sancionador

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en canto non contradigan o disposto para estes efectos nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Décimo oitava: Resolución e recursos

Será a Alcaldía quen acordará a concesión ou denegación das subvencións, a proposta do órgano instructor, co ditamen previo da Comisión de Valoración, segundo o procedemento establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, R.D. 887/2006 Regulamento que a desenvolve, e Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra este acordo que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que ditou o acto, conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Ferrol, no prazo de dous meses a partir do día seguinte da notificación do acordo.



En todo o non previsto nas presentes Bases, a concesión/denegación das subvencións regularase polo disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no R.D. 887/2006 regulamento que a desenvolve, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como pola Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.

Décimo novena: Publicación do anuncio da convocatoria

As presentes bases da convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación no BOP, ademais de ser exposta na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello. Publicarase un extracto desta no xornal de máxima difusión con indicación do obxecto e finalidade das subvencións, requisitos para formular as solicitudes, lugar e prazo de presentación das solicitudes, e a oficina municipal onde se poden obter as solicitudes.

Narón, xuño de 2023